

O tinxido con plantas

Xosé Álvarez Castro

As técnicas de tinxido teñen as súas raíces nos procesos utilizados en tempos do Neolítico e a Idade dos Metais cando, a partires da maceración ou cocción de certos materiais e as fibras téxtiles, obtíñanse, cores, como nos mostran restos de tecidos desas épocas atopados en diferentes lugares.

Fai máis de tres mil anos xa se coñecía polos fenicios e cretenses a utilización da púrpura, cor obtida de certos caracois mariños. A lenda conta que o seu descubrimento fora casual ao ver un pastor que o seu can tiña o fociño manchado do que coidou era sangue, cando pretendeu curalo observou que non había feridas e que o cacho de tela co que o limpara quedaba tinxido de xeito permanente cunha cor vermella. Foron precisamente os fenicios os que dominaron unha técnica de obtención, coa que conseguían unha tonalidade semellante ao sangue callado (púrpura de Tiro) e que era a máis cobizada no seu tempo. De feito, parece que fenicio é un nome que deriva dunha palabra que se refería á cor vermella.

Os emperadores romanos serán os que dean á púrpura o valor simbólico do poder, valor e mérito, reservándose unha das variantes desta cor para as súas togas. En Roma hai constancia da existencia das Tabernae purpurarie (as tinturerías) que tanto eran lugar de venda directa da púrpura como centros de tinguido.



Outro tinte, tamén de orixe animal, foi o quermes que era un insecto que se criaba en certas árbores do xénero Quercus e proporcionaba unha cor vermella; o historiador Plinio o Vello escribe que [o quermes] "*proporciona aos pobres de España o medio de pagar un de cada dous prazos dos seus tributos*".

Xa ben entrada a Idade Media, o viaxeiro italiano Marco Polo, á volta das súas viaxes polo lonxano oriente, xa escribe dos métodos de tinguido usados naquelas terras e cita o emprego do índigo, o colorante vexetal máis importante e que era importado en pequenas cantidades para reforzar ao glasto ou herba pastel, na obtención das cores azuis. O procedemento utilizado para a obtención do índigo era bastante complexo pero, en esencia, era o seguinte: as ramas e follas da planta cortábanse e poñíanse a macerar en tinallas engadíndolle auga con cal, permanecían así un ou dous días e logo batíanse durante varias horas ata que estivera todo moi ben triturado. Coa pasta que quedaba facíanse unhas bolas ou bloques que se deixaban secar, podendo conservarse moito tempo ata o momento do seu emprego. Estas bolas de índigo eran as que se vendían en Occidente. O índigo non é soluble en auga polo que o procedemento de tinguido ten unha certa complexidade. A cor azul aparece cando as telas saen do líquido de tinguido incoloro e, ao poñerse en contacto co osíxeno do aire vaise coloreando ata obter un azul intenso ao cabo dunha media hora.

Moitas das informacións sobre os procedementos utilizados chegan a nós a través das enciclopedias (Isidoro de Sevilla, Hugo de san Víctor...).

Aínda así, os métodos dos artesáns tintureiros eran secretos e non será ata mediados do século XVI cando se publique o primeiro tratado completo sobre o tinxido.

No medioevo vanse empregar os colorantes usados en tempos anteriores pero co auxe da industria téxtil, increméntase o número de cores, resultado da utilización de novas substancias e da



adopción de técnicas que permitían mellores resultados. Este auxo da industria téxtil vai substituír, en grande parte, as importacións de Oriente polas telas de orixe local.

Pero tamén nas cores dos vestidos e mesmo na organización gremial dos tintureiros, está presente a diferenciación social e económica. As clases altas son a principal clientela da categoría de tintureiros chamada do "grande ou bo tinxido" (tintureiros excelsos), artesáns que utilizaban como materias primas, telas, mordentes e tintas de alta calidade, ás veces importadas, e de grande viveza e resistencia nas cores obtidas. Isto explica que nas pinturas da época, nas que as personaxes representadas pertencen á nobreza, vexamos tanta riqueza de cores.

As xentes do común tiñan que conformarse con roupas sen tinxir ou recorrer aos tintureiros do pequeno tinguido (tintureiros simples), con telas de menos calidade e colorantes obtidos de plantas do país como as xestas, nogueiras, bugallos, amaras, liques, etc. O uso de mordentes menos efectivos como o vinagre, o mexo fermentado, a borralla ou o sal, facían que as tonalidades predominantes foran mates e dunha gama de cores limitada.

Os tintureiros, dunha ou doutra categorías, estaban todos baixo o patrocinio de san Mauricio e eran frecuentes os enfrontamentos entre ambos, polo que os regulamentos descendían aos máis mínimos detalles en canto a utilización de materiais e mesmo ao uso dun elemento tan importante para este oficio como era a auga.

As autoridades dos pobos ditaban normas para regular as actividades dos tintureiros e establecían contratos para asegurar a calidade e os prezos desta actividade tan importante. A modo de exemplo, expoñemos algúns parágrafos dun deles: "Luego, amas las dichas partes, por ante mi, dicho escriuano, e los testigos de yuso escritos, dixeron que por razón de las malas tintas que los tintoreros desta cibdat fazian en los paños e lanas de los vezinos [...] avian acordado que los dichos Symon e Leonardo, ginoueses, tomasen cargo de los dichos tintos e de teñir todos los paños e lanas, asy en piezas como en retales [...] Item, que en todos estos dichos tres años no tingan en los dichos tintes con muestras porque es tinta falsa."

Se tiveramos que destacar dúas plantas tintureiras moi estendidas no seu cultivo e de grande importancia económica, estas serían a rubia ou granza e o glasto, tamén chamado herba pastel. A rubia, tanto cultivada como silvestre en grande parte da península, posibilitou a difusión popular das cores vermellas vivas. O procedemento da súa preparación era o seguinte: as raíces e talos da planta (de tres ou máis anos de vida para que contivera máis materia colorante), cortábanse en cachos, triturábanse e facíase unha pasta. Fervíase durante unha hora, coábase e engadíase a lá durante unha media hora. Lávase con xabón e aclárase. Esta pasta, utilizando como mordente o alumbre, proporcionaba unha cor vermella de alta calidade.


A herba pastel, tamén chamada glasto, empregábase para obter unha cor azul, moi difícil de conseguir de non ser coa mistura doutras cores. As follas do glasto sometíanse a un proceso de maceración e o tinguido facíase a temperatura ambiente e cun método bastante complexo: as follas machacábanse, deixábanse fermentar na auga, recollíase o precipitado que se formaba e misturábase con mel e cal. A cor azul aparecía cando a tela se poñía en contacto co aire. As cores obtidas mediante este procedemento eran moi resistentes á acción da luz e aos lavados pero non tanto ao rozamento. A herba pastel, aínda que non proporcionaba unha cor de calidade tan alta como o índigo, tiña a vantaxe de que se producía aquí e de que era moito máis barata.

Unhas materias fundamentais no proceso do tinxido eran os mordentes; a maior parte das tinturas precisan a existencia de substancias que, pola súa afinidade con elas e coas fibras do tecido, posibiliten unha unión sólida e insoluble entre ambas, asegurando a perdurabilidade das cores e unha maior viveza das mesmas. A esta acción chámase "morder" e de aí ven o nome de mordentes.

Os primeiros mordentes utilizados foron substancias que estaban máis á man como as xa citadas do mexo fermentado, o sal, a borralla, o vinagre e outros de orixe vexetal como as bugallas dos carballos ou determinadas plantas.

Pero o mordente máis empregado na Idade Media foi o alumbre ou alumen; nun primeiro momento procedía da importación a través de Constantinopla, pero as conquistas turcas fixeron aumentar o prezo e as dificultades para obtelo, neste contexto prodúcese o descubrimento das minas de Tolfa, nos estados pontificios, que dan lugar a que o papado teña, en grande parte, o monopolio do comercio desta substancia, prohibindo a importación de alumbre turco e destinando os beneficios a combater nas cruzadas ("alumbre da cruzada"). A distribución faise a través das grandes familias de comerciantes xenoveses e florentinos, etc, entre outras a dos Médici.

O alumbre natural era sometido a procesos de purificación para darlle maior calidade, un destes procedementos, que relatamos pola súa curio-



sidade, era o de ferverlo con mexo de cabalo ata que se concentrase e logo, ao arrefriar, xa se formaban os cristais de alumbre.

Outros mordentes utilizados foron o cremor tártaro, tamén coñecido por "rasuras" e que viña sendo o sarrío que quedaba nas paredes dos bocois de madeira empregados para conservar o viño. Tamén se empregaban para obter certas tonalidades a caparrosa ou vitriolo verde (sulfato de ferro) e o vitriolo azul (sulfato de cobre) e outros. O primeiro apagaba as cores dando unha tonalidade máis terrosa e o segundo acentuaba os tons verdesos.

A continuación describimos o proceso de tinxido axeitado para utilizar coa la: A la, sen fiar (vellón) ou fiada, lávase en auga tépeda e cun pouco xabón ou deterxente suave para eliminarlle a graxa que posúe (lanolina).

Ao mesmo tempo, prepárase o mordentado: disólvense en auga 20 g de alumbre e 6 g de cremor tártaro por cada 100g de la a tinxir. Introdúcese na ola a la xa lavada e déixase ao lume durante unha hora, evitando que ferva a cachón pois danaría á la. Déixase arrefriar e gárdase.

Nun recipiente con 5 litros de auga prepárase o tinte botando as partes do vexetal a utilizar e poñendo ao lume. Segundo o material utilizado, pódense seguir dous camiños: poñer a la directamente na ola xunto coas plantas ou coar o líquido (logo de ferver unha hora) e engadir a la. En calquera dos casos, é moi importante coidar que non ferva para non danar a la. O tempo que empreguemos dependerá das materias utilizadas ou da intensidade da cor que queiramos obter.

O engadido doutras substancias (postmordentes) como os sulfatos de ferro ou cobre, sal, vinagre... posibilita a obtención de tonalidades moi variadas. Logo de arrefriar, lávase a la varias veces en auga limpa e déixase secar á sombra.

Un material axeitado para iniciarse no tinxido e que sempre proporciona resultados seguros son as peles da cebola. A modo de exemplo, actuamos da seguinte maneira: nunha ola cuns



cinco litros de auga depositamos un par de puñados de peles de cebola; poñémola a ferver e, logo dunha hora, coamos o líquido que será o que empreguemos como tinte. Collemos varias madeixas de la xa mordentada e procedemos do seguinte xeito: introducimos tres madeixas no líquido de tinte, continuamos quentando o líquido pero evitando que ferva a cachón, e imos sacando as madeixas aos tres, seis e quince minutos. Conforme as sacamos, lavámolas con auga ata que esta saia limpa e comprobamos que obtivemos unha gama de cores que vai dende un amarelo pálido a unha cor laranxa, pasando por un amarelo forte. Deixámolas secar.

No mesmo líquido engadimos media cullerada de sulfato ferroso (postmordente), disolvémolo moi ben e engadimos outra madeixa deixándoa ao lume uns quince minutos, retirámola, lavámola e obtemos unha cor máis terrosa e apagada.

Pódese probar con diferentes tempos e concentración de peles ata obter as tonalidades apetecidas. Tamén resulta interesante facer probas con outros mordentes.

Ofrecemos a continuación unha relación, non exhaustiva, daquelas plantas que temos utilizado e

algunhas das cores que se poden obter coas mesmas: ligustro (negro), ameneiro (grises e negros), anchusa ou lingua de boi (vermello, usando as raíces), artemisa (amarelas e marróns), beldro (amarela, verdosa), bidueiro (amarelas, douradas), caléndulas (amarela viva ou mate), callaleite (laranxa rosada), carballo (gris, marrón, beis), castiñeiro (marrón, beis), castiñeiro das bruxas (verde tenro), cebola (amarela, laranxa), estrugas (amarela, parda, parda verdosa), fariñentos (amarela, parda verdosa), fento (verde tenro, amarela verdosa), fiúncho (amarela), gordolobo (cor tella), granza (vermella), hedra (amarela, marrón, gris verdosa), herba carmín (vermella), herba de san Xoán ou hipérico (tostada, verde escura), liques (vermellas, malvas, laranxas, segundo a especie), lirios (azuis, negro), nogueira (marrón, parda), queirugas (amarela, verde escura), romaza (pardos), sabugueiro (violeta azulada, púrpura, engadíndolle unhas culleradas de sal de cociña), senecio (verde), silva (grises, negro), tanaceto (amarela, ocre), xesta (amarela ouro).

Entre as plantas que citamos hai algunhas que non precisan da utilización de mordentes, son os chamados tintes substantivos, entre elas temos os liques e a nogueira.

O tinxido do algodón, liño e outras fibras vexetais, segue os mesmos procedementos pero os resultados son mellores coa utilización como mordente de taninos. Estas substancias están presentes nalgúns vexetais como a casca de carballo e tamén pode mercarse en droguerías.

O máis importante para ter éxito no tinxido é respectar os procedementos e, sobre todo, anotar tempos, cantidades, mordentes e cores obtidas; estas anotacións, aparte de servirnos para poder obter de novo as mesmas cores, son a base para a necesaria experimentación a través da variación dos parámetros que interveñen no proceso.

Nin que dicir ten que o descrito anteriormente era o procedemento máis simple, as distintas habilidades e trucos gárdanse no secreto do oficio dos tintureiros...